

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2023

XERACCIÓN S. COOP. GALEGA

Proxecto de sensibilización e formación feminista.....	02
Proxecto Enredadas.....	05
Proxecto de atención a mulleres en situación de vulnerabilidade	09
Proxecto de Envellecemento Activo.....	11
Servizo de Dinamización comunitaria.....	12
Proxecto Sementando cidadanía.....	14
Proxecto Circe.....	17
Servizo de Inclusión Sociolaboral.....	21
Servizo de Conciliación: Espazo de Coidados.....	27

PROXECTO DE SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN FEMINISTA

O obxectivo é construír unha sociedade baseada na igualdade, partindo dos compromisos de implementar e apuntalar boas prácticas e corrixir as desigualdades que perviven, artellando as ferramentas necesarias para avanzar cara á igualdade non so formal, senón real.

Xeración dispón dunha oferta formativa en materia de xénero, igualdade e feminismos, educación sexoafectiva, promoción da saúde integral con perspectiva feminista, prevención da violencia de xénero, conciliación da vida familiar, laboral e persoal dirixida a empresas públicas e privadas, administracións públicas e outras organizacións, así como á poboación en xeral.

Neste senso, a Administración local ten a posibilidade de ser un modelo de referencia para outras entidades tanto públicas como privadas do municipio con respecto á igualdade de oportunidades de xeito que a súa organización e traballo sexa sensible ás diferenzas de xénero e adecuada ás necesidades de homes e mulleres. Tendo en conta isto é fundamental a sensibilización e formación do persoal técnico e político municipal en igualdade de oportunidades, a eliminación da linguaxe sexista dos seus documentos, así como, desagregar os datos por sexos como xeito de visibilizar e promover unha imaxe equilibrada de mulleres e homes do municipio.

As accións formativas son de diferente tipo:

- Básicos: Introducen o marco de referencia ou sistema explicativo que servirá de base para a construción dos xéneros e formación básica en igualdade de oportunidades.
- Específicas: Formacións referidas a aplicación práctica da perspectiva de xénero en diferentes ámbitos, desconstrución de estereotipos, evolución legislativa e tratamento da violencia machista.

Para alcanzar este obxectivo, necesitamos incidir en tódolos espazos da vida pública posibles, non so na Administración Pública. Por este motivo tamén diriximos os nosos servizos formativos e de asesoría, á iniciativa privada.

Por outra banda promovemos, deseñamos e levamos a cabo accións reivindicativas, campañas e xornadas de sensibilización.

ACTUACIÓNS REALIZADAS NO 2023

Programa de Promoción da Saúde Integral e o Botrato desde a perspectiva feminista

A desigualdade na que se asenta o sistema patriarcal ten un impacto directo na saúde das mulleres e persoas con identidades de xénero disidentes. Os roles e estereotipos de xénero constrúen unha subxectividade pautada na subordinación, na autoesixencia e na desvalorización, repercutindo sobre a autoestima. Por súa vez, as múltiples responsabilidades reducen os tempos de ocio e descanso e xeran estrés, afectando o benestar e as posibilidades de desenvolver unha vida autónoma e plena.

Por isto, este ano incorporamos esta liña de traballo enfocada a promover o autocoidado e o botrato como estratexia de prevención da violencia de xénero e mellora da saúde integral (física, psico-emocional, relacional e social) en chave comunitaria, adoptando unha perspectiva integral para a mellora do benestar e calidade de vida.

Facémolo a través da Biodanza, unha metodoloxía innovadora que actúa a través da música, o movemento e o traballo en grupo. Favorece a autoconexión e expresión de emocións, reforza a autoestima, mellora a comunicación interpersoal, regula as funcións orgánicas e estimula a vitalidade e a creatividade para emprender cambios vitais e adoptar hábitos saudábeis. Tamén mediante obradoiros de risoterapia, encamiñados a exercitar o afrontamento de conflitos e adversidades dende unha óptica de crecemento persoal, traballar habilidades socioemocionais e preparar diversas maneiras de abordar problemas e vivir un presente saudable.

Hai que destacar que o traballo corporal é unha poderosa ferramenta para a reconstrución da autoestima e a promoción da saúde de mulleres e disidencias, dado que incide no estado de ánimo e motivación, estimula o autocoñecemento, cambia a autoimaxe, facilita a autoconexión e o amor propio, desenvolve estratexias de regulación emocional e fomenta prácticas de autocoidado.

Durante o ano impartimos obradoiros de promoción da saúde integral integral e o botrato en colaboración con diferentes entidades públicas e privadas, a saber:

- **Asociación Veciñal O Loureiro** con financiamento da Concellaría de Participación Cidadá do Concello de Ourense. Levouse a cabo ente abril a decembro con sesións semanais os venres de 20 a 21:45h. Neste grupo participaron 12 persoas de forma estable, sendo 10 mulleres e 2 home.
- **Centro Cívico A Ponte** con financiamento da Concellaría de Servizos Sociais do Concello de Ourense. Levouse a cabo ente novembro e decembro con sesións
-

semanais os martes de 18:15 a 19:30h. Neste grupo participaron 12 persoas de forma estable, sendo 11 mulleres e 1 home.

- **Centro Cívico Colón** con financiamento da Concellaría de Servizos Sociais do Concello de Ourense dentro do Programa de Envellecemento Activo. Levouse a cabo ente novembro e decembro con sesións semanais os mércores de 11:30 a 13:00h. Neste grupo participaron 14 persoas de forma estable, sendo todas elas mulleres de mais de 50 anos.
- **Centro de Información as Mulleres de Pontearreas** con financiamento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Desenvolveuse en dúas sesións de 2h cada unha impartidas de forma quincenal en novembro a un grupo de mulleres que sufriron ou están saíndo de situacións de violencia de xénero acompañadas polo equipo do CIM. Neste grupo participaron 10 mulleres de entre 33 e 55 anos, residentes no casco urbano de Pontearreas e parroquias rurais.
- **Centro de Información as Mulleres de As Pontes de García Rodríguez** con financiamento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Desenvolveuse en catro sesións de 2h cada unha impartidas de forma semanal entre novembro e decembro a un grupo diverso, composto por mulleres que sufriron situacións de violencia de xénero acompañadas polo equipo do CIM e veciñas con outros perfís. Neste grupo participaron 8 mulleres de entre 34 e 58 anos, residentes no casco urbano de As Pontes e parroquias rurais.
- **Asociación de Mulleres Rurais San Miguel de Espiñoso**, unha parroquia rural do municipio de Cartelle, cun obradoiro desenvolvido entre marzo e decembro de 2023 con sesións de 1 hora semanais nas que participaron de forma estable 12 mulleres maiores de 60 anos.
- **Asociación de Mulleres Rurais de Gomesende**, cun obradoiro desenvolvido entre marzo e decembro de 2023 con sesións de 1 hora semanais nas que participaron de forma estable 10 mulleres maiores de 60 anos.

Para a difusión destas actividades utilizáronse notas informativas, cartaces e publicacións nas redes sociais das entidades participantes.

Obradoiro Fortalecendo o tecido social do botrato

En colaboración co Concello de Baños de Molgas e co financiamento do Pacto de Estado desenvolvemos este programa que contou con 2 sesións nas que traballamos o autocoidado e o botrato como estratexia de prevención da violencia de xénero a través da metodoloxía Biodanza e da educación biocéntrica, feminista e socioafectiva.

Nestas sesións participaron 7 mulleres con idades entre 43 e 67 anos, todas elas residentes no Concello, tanto no casco urbano como en parroquias do rural.

Obradoiro “Por unha boa vida, porque nola merecemos”

En colaboración coa Fundación Secretariado Xitano do Carballiño co gallo do 25N, ofrecemos un espazo de reflexión e partilla ás participantes acerca do botrato como forma de prevención da violencia de xénero. Con dinámicas de grupo e lúdicas buscamos favorecer a cohesión grupal e impulsar a creación de lazos entre mulleres de etnia xitana como estratexia de enfrontamento das dinámicas patriarcais, discriminatorias e racistas.

Obradoiros de educación sexual integral, prevención da violencia de xénero e promoción do botrato

Realizamos actividades formativas sobre ditas temáticas no IES de Curtis, no IES Chamoso Lamas (O Carballiño) con alumnado da ESO. Nestes obradoiros traballamos de forma participativa e dialóxica co alumnado, facilitando información contrastada e de calidade como recurso pedagóxico, sempre desde unha perspectiva feminista e interseccional, tendo en conta non só o xénero senón outros factores que atravesan e moldean a vida e a subxectividade das persoas (a orientación do desexo, racialización, procedencia, corporalidades, etc). Buscamos propiciar espazos e experiencias educativas nas que traballar a promoción da igualdade, dos feminismos, dunha vivencia saudábel, segura, libre e pracenteira das sexualidades, o respecto e celebración da diversidade sexoafectiva e outras, a prevención, identificación, abordaxe e erradicación das violencias machistas, racistas, LGBTQIAP+ fóbicas ben como outras formas de violencia.

Programa Vixia

En colaboración coa concellería de sanidade do concello de Ourense desenvolvéronse obradoiros para traballar conceptos que nos permitiran por unha banda palpar os prexuízos en torno á igualdade, debater sobre eles e por outra banda aclaralos para que a conceptualización destes termos xere unha transformación de actitudes, condutas e accións en relación coa seguridade dixital e a prevención do cyberbullying e da violencia de xénero dixital en varios institutos do Concello.

Estes obradoiros levaranse a cabo en 10 centros educativos, sendo 2 deles situados en zonas rurais (Ben cho Sei e Seixalbo), a alumnado de 5º e 6º de primaria e de 1º a 4º de ESO, alcanzando a un total de 418 menores.

PROXECTO ENREDADAS

EnRedAdas é un proxecto de atención a mulleres vítimas de violencia machista financiado pola Fundación La Caixa dende xullo de 2022, que pretende abordar a desigualdade entre homes e mulleres na nosa sociedade, a recuperación da autoestima das mulleres superviventes de violencia machista e o seu illamento social.

O programa pretende ser un recurso integral de atención psicosocial co obxectivo xeral de impulsar o desenrolo integral e o proceso de inclusión social das mulleres vítimas de violencia de xénero a través da atención psicosocial e o apoio mutuo.

Como pilar fundamental da nosa forma de traballar destaca evitar a sobreprotección e respectar a autonomía das persoas. Entendemos a atención como un dereito propio da cidadanía e non como unha acción graciable, e como tal a muller debe participar no seu proceso de forma activa e respectando as súas decisións.

ACTUACIÓNS

Trabállase a través dun servizo individual de información, orientación e apoio psicolóxico en habilidades sociais e xestión emocional.

O proxecto pon a disposición das mulleres participantes, un total de 36 horas de sesións individualizadas por participante coa psicóloga, traballadora social e mediadora para traballar:

- Avaliación e diagnóstico emocional-afectivo
- Avaliación e diagnóstico neuropsicolóxico.
- Apoio e orientación psicolóxica.
- Xestión emocional.
- Adestramento individualizado en habilidades sociais.
- Información e orientación na solicitude e tramitación de prestacións e recursos da carteira de servizos sociais
- Asesoría en materia de trámites de estranxeiría (permisos de residencia, arraigo social, reagrupación familiar, retorno voluntario, nacionalidade...)
- Mediación e xestión do conflito.

Por outra banda traballarase tamén dende unha atención grupal co obxectivo de crear redes de apoio mutuo.

A técnica en mediación dinamiza 2 redes de apoio mutuo para mulleres vítimas de violencia de xénero. Cada rede está formada por 15 participantes e entre 3 a 5 persoas voluntarias do Plan de Voluntariado. Trátase dunha atención centrada no autocoidado e no coidado mutuo e en traballar as habilidades de afrontamento e

resiliencia. O grupo pretende ser un espazo de apoio no que compartir e reflexionar sobre outras situacións que lles provoquen malestar e sufrimento e que interfiran no desenvolvemento do seu proxecto de vida.

Cada Rede reunirse en 10 sesións de 2 horas de duración, a cada 15 días. Os contidos serán os seguintes:

- Autoconcepto e autoestima
- Emoción: vivencias e sentires
- Do coidado ó autocoidado
- Comunicación e xestión de conflitos
- Saúde, sexualidade e dereitos sexuais e reprodutivos
- A importancia de facer cousas que me gustan: ocio e saúde.

Planificáronse saídas de campo e actividades de ocio grupais: roteiros polo monte e a espazos naturais, participación en festas populares e asistencia a espectáculos de música e teatro. O obxectivo destas saídas é que a rede de apoio transcenda das sesións formais do grupo e así se lle poda dar continuidade a través do Plan de Voluntariado da entidade.

As sesións realizaranse nas instalacións da entidade excepto as saídas de campo.

Os recursos humanos necesarios para a xestión e implementación das actividades son:

- 1 traballadora social da cooperativa, con formación específica en intervención social que ofertará 20 horas semanais, 400 horas totais de asesoría social e persoal, 625 horas a labores de xestión e difusión do proxecto.
- 1 psicóloga da cooperativa, con formación específica en intervención social que proporcionará 20 horas semanais, 1000 horas totais de orientación e apoio psicolóxico.
- 1 traballadora social da cooperativa, con formación específica en mediación que ofertará 20 horas semanais, 400 horas totais de servizo de mediación familiar e 625 do grupo de apoio.
- 1 técnica contratada con formación específica en dinamización para ofertar 100 horas para a preparación, deseño e dinamización dos obradoiros.

- 6 voluntarias para crear os grupos de apoio e implementar as actividades relacionadas con eles. Ditas voluntarias serán mulleres que foron vítimas de violencia machista e participaron en programas anteriores, priorizando a mulleres de colectivos vulnerables como mulleres con discapacidade, migrantes e /ou racializadas, xerando unha rede de comunidade e empoderamento a través de diversos prismas.

Os recursos materiais que se necesitaron foron:

- Local para a xestión e execución das actividades: aluguer de instalacións con espazos separados para os itinerarios individualizados.
- Mesas e cadeiras
- Medios audiovisuais
- Ordenadores e conexión a internet.
- Social Truck, furgoneta habilitada como unidade de apoio psicosocial para as saídas de campo e atencións en zonas rurais.

RESULTADOS

No 2023 houbo 70 mulleres beneficiarias directas no proxecto, 60 mulleres superviventes da violencia machista e 10 voluntarias.

Aínda que algunhas mulleres non tiveron unha participación moi constante, a rede creada no seno do grupo está sendo valorada moi positivamente.

Por cada participante abriuse un expediente que recolle os resultados da entrevista previa e tamén das diferentes fases descritas no apartado de metodoloxía. Unha vez finalizado o proxecto, analizarase a conveniencia de que as beneficiarias participen en futuros proxectos de voluntariado a través do Plan de Voluntariado da Entidade. Este paso facilitará a transición, en aqueles casos que se considere recomendable, a un rol máis empoderado onde a muller contribuirá coa súa experiencia a apoiar a outras compañeiras que vivan situacións similares ás que elas superaron.

PROXECTOS DE ATENCIÓN A MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE

En Colaboración coa Agrupación de Asociacións Veciñais Miño e a Asociación Participación, volveu a poñerse en marcha no 2023 os proxectos de atención a mulleres en situación de vulnerabilidade na comarca de Ourense e no Centro Penitenciario De Pereiro.

Estes proxectos, correspondentes a Rede Veciñal de Mulleres e a Abrindo Cancelas con Flores, comprenderon a implantación de distintos servizos:

Servizo de Orientación social e persoal

A Traballadora Social levou a cabo dende o local da Agrupación, vía presencial e telefónica, un servizo de información sobre a rede de recursos e ás prestacións a que poden ter dereito as usuarias, nas seguintes áreas:

- Sanitaria: Trámites coa tarxeta sanitaria, trámites administrativos co SERGAS, solicitude de cita previa por Internet...
- Servizos Sociais: Apoio na solicitude e tramitación de teleasistencia, Servizo de axuda a domicilio (SAD), Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD), solicitude de centros de día e residencias, xantar sobre rodas, servizo de transporte adaptado ou derivacións a outras entidades sen ánimo de lucro con outros programas específicos.
- Económica: Pensións contributivas da Seguridade Social e outras prestacións non contributivas.
- Ocio: Actividades propias da asociación e de outras entidades que lles poidan interesar e poidan desenrolar. Apoio no trámite e solicitude dos programas de vacacións ou balnearios da Xunta de Galicia.

Servizo de Orientación e atención psicolóxica

A Psicóloga da asociación ofertou no local da Agrupación sesións individualizadas e grupais para traballar nas seguintes áreas:

- Avaliación e diagnóstico emocional-afectivo
- Avaliación e diagnóstico neuropsicológico
- Apoio, orientación e acompañamento psicoterapéutico
- Estimulación en funcións cognitivas

Servizo de Mediación familiar e comunitaria

A mediación ofrece a creación dun contexto onde as partes afectadas poidan atopar e xerar condicións de posibilidade e oportunidades para o cambio; o cambio non pode ser concibido en termos de resolución, senón máis ben de transformación. O cambio por tanto non é o acordo senón o proceso percorrido para conseguilo, polo que devandito proceso debe incluír un método e un modelo que dirixa a mirada cara a unha óptica diferente á hora de entender o conflito. Así, ofrecemos este servizo para

poder xestionar conflitos derivados da situación familiar ou interpersonal coas mulleres participantes que lle permitan avanzar no proceso de empoderamento xa que elas mesmas se converterán en axentes do seu propio cambio.

No cómputo xeral, nestes proxectos participaron un total de 60 mulleres.

PROXECTO DE ENVELLECIMENTO ACTIVO

O envellecemento poboacional é unha realidade que require gran atención, polo seu incremento rápido e progresivo e polo aumento das condicións de dependencia que van aparecer.

Na actualidade os estilos de vida pouco saudables facilitan a exposición a riscos que inflúen directamente na saúde e na calidade de vida. Esta situación provoca unha vellez patolóxica que require apoio, atención ou institucionalización polo que aumenta o índice de dependencia global provocando unha maior demanda dos servizos sociais, dos servizos de saúde, dos programas de axuda e das redes complementarias de asistencia.

Iste problema socio-demográfico evidencia as insuficiencias e carencias ás que facer fronte e a necesidade de adaptarse a esta nova situación. Para soportar os cambios sociais e o seu impacto compre poñer en práctica medidas que favorezan e aumenten o grao de saúde e benestar, concienciando á sociedade para traballar dende etapas temperás nun proceso de envellecemento activo que aumente a autonomía persoal e atrase a aparición de factores de vulnerabilidade e dependencia.

A alta taxa de envellecemento da sociedade ourensá fai necesario o fomento do benestar de gran parte da nosa poboación. E ante o aumento da lonxevidade é importante procurar a máxima autonomía dos nosos maiores, durante o maior tempo posible.

Obradoiros de estimulación cognitiva

Desenvolvéronse obradoiros nas asociacións veciñais a través da convocatoria de cursos de Participación Cidadá do concello de Ourense. A través desta convocatoria pública realizamos obradoiros de estimulación cognitiva entre novembro e decembro e do 2023 coas asociacións veciñais 15 de Agosto, Rabo de Galo, Arrabaldo, Castro de Beiro, Souto Sanín, Peliquín, O Polvorín, Portovello, A Granxa e Cabeza de Vaca (sendo que a meirande parte delas, 8, son do ámbito rural) con sesións semanais de 1 hora por grupo. Nestas actividades participaron unha media de 15 persoas por grupo de forma estable, alcanzando un total de 150 persoas maiores de 50 anos.

Tamén desenvolvemos obradoiros de estimulación cognitiva e memoria no Centro Cívico de Acuña, con financiamento da Concellaría de Servizos Sociais no marco da convocatoria para a selección de actividades para programa de Envellecemento Activo da concellería de Servizos sociais do Concello de Ourense. Esta actividade impartíuse entre novembro e decembro de 2023 con sesións semanais de 1 hora contando coa participación de 17 persoas.

Tamén se desenvolveron obradoiros de memoria nas asociacións veciñais de 8 parroquias rurais do Concello de Baños de Molgas entre novembro e decembro do 2023, en sesións de 1 hora por grupo, alcanzando un total de 93 persoas, sendo a maioría mulleres de mais de 65 anos veciñas de zonas rurais deste municipio.

Finalmente, impartimos obradoiros de memoria e estimulación cognitiva para a Asociación de Viudas María Andrea, ademais do servizo de atención psicolóxica, cunha sesión semanal de 1 hora contando coa participación estable de 12 mulleres.

Consistiron en talleres grupais de estimulación cognitiva para o mantemento das capacidades conservadas mediante o adestramento das funcións cognitivas (memoria, atención, razoamento, percepción, linguaxe, orientación espazo temporal, praxias e función executivas).

SERVIZO DE DINAMIZACIÓN COMUNITARIA

Desde as súas orixes as asociacións desempeñaron o papel de axente de cambio social, o movemento veciñal perfilouse como un elemento esencial á hora de “facer cidade”. Unha cidade que conta nos seus barrios cunha diversidade de xentes en canto ás súas orixes, as súas culturas, as súas historias, as súas ideoloxías, etc, pero que comparten un territorio e, a miúdo, necesidades, preocupacións e aspiracións. As Asociacións Veciñais postuláronse como ferramentas a través das cales dar forma a ese espazo común que é posible construír en torno ao barrio. O barrio entendido como unha oportunidade para o encontro e a mellora da calidade de vida da súa veciñanza.

Dende Xeracción abordamos a participación dende o convencemento de implicar aos diferentes axentes sociais na diagnose das problemáticas e na procura das solucións de maneira consensuada e participada. Para elo empregamos metodoloxías e ferramentas que fomentan e xeran espazos de reflexión e diálogos colectivos, encamiñados á construción colectiva de coñecementos e propostas de acción.

Por isto, en colaboración coa Agrupación Miño, desenvolvemos un servizo de Participación e dinamización comunitaria, para apoiar ás asociacións veciñais que forman parte desta entidade.

Este proceso constrúese e leva o seu tempo, xa que debemos primeiro desaprender para logo aprender a funcionar con outras lóxicas. Non estamos afeitas a traballar cun enfoque participativo, non é o habitual que encontremos espazos que propoñan estas lóxicas que, por tanto, non temos incorporadas. Non se pode reducir a participación a asumir propostas que outras persoas elaboran para resolver os meus problemas.

Temos o dereito e a responsabilidade de participar en todo o que nos afecta na nosa vida cotiá, pero para elo debemos ter a posibilidade de participar na identificación dos temas sobre os que participar e propoñer como traballalos.

Abordamos o servizo dende diversas liñas de traballo:

Mediación

En xeral, o camiño para resolver problemas é a vía adversarial, na que uns gañan e outros perden, e estes últimos son sancionados. Pero este sistema non resolve o conflito, ó contrario, tenden a profundizarse. A mediación é unha ferramenta para abordar o conflito mediante o diálogo, e o respecto entre as partes, creando unha cultura de participación, de corresponsabilización, a plena cohesión da comunidade, outorgando á cidadanía un papel activo ante os conflitos e as solucións.

Dende Xeracción ofrecemos formación en mediación (técnicas de comunicación eficaz, ferramentas para enfrontar situacións conflitivas, dinámicas...) para xestionar os conflitos de forma construtiva e ademais poñemos á disposición das asociacións un servizo de mediación veciñal no que se poderán abordar estas situacións puntuais na procura dun acordo que mellore as relacións entre as veciñas para que ese conflito non se enquiste e quebre relacións que afectarán ao resto do barrio.

Aplicación da perspectiva de xénero e feminista

O obxectivo é construír unha sociedade baseada na igualdade, partindo dos compromisos de implementar e apuntalar boas prácticas e corrixir as desigualdades que perviven, artellando as ferramentas necesarias para avanzar cara á igualdade real, tanto no tecido asociativo como en todas as esferas da sociedade.

Neste sentido a maiores de formación neste eido, promovemos, deseñamos e levamos a cabo espazos de formación, accións reivindicativas, campañas e xornadas de sensibilización.

Apoio psicolóxico e acompañamento psicoterapéutico

Este servizo ten a fin de fomentar o benestar e o crecemento persoal nas diversas etapas vitais. Acompañar e dar apoio psicolóxico a persoas e grupos no afrontamento de problemas ou en situacións vitais críticas/delicadas (malestar psico-emocional, enfermidade, falecemento de familiares, perda de emprego, proceso migratorio, etc).

Apoio na busca de financiamento

Dende o servizo apoiase ás asociacións veciñais a buscar financiamento para os seus proxectos, de tres formas:

- Busca e tramitación da subvención.
- Realización da actividade: proceso participativo, curso de formación, servizo de mediación, apoio psicolóxico, xornadas para a promoción da igualdade, etc.
- Xustificación da subvención.

O programa desenvolveuse durante todo o 2023 prestando un total de 900 horas de servizo.

PROXECTO SEMENTANDO CIDADANÍA

O grupo familiar, entendido como sistema no que todos os membros interactúan e inflúense reciprocamente, pasa ao longo do seu desenvolvemento por diversos momentos (ciclos evolutivos) con características específicas, previsibles unhas e outras imprevistas. Para todas elas a familia ha de ter a suficiente capacidade de adaptación, que lle permita continuar desenvolvendo adecuadamente as funcións que lle son inherentes. Dende esta perspectiva, a familia inclúe a todas as persoas que se consideran parte dela, que a apoian e se preocupan por ela ou por algún dos seus membros de forma habitual, exista ou non un vínculo de sangue. É dicir, inclúe a familiares, amizades, persoas próximas, veciñanza, etcétera. A calidade de vida dunha familia refírese ao seu benestar. Depende dos membros que a forman, das súas propias experiencias, das súas relacións con outras persoas, e das relacións entre elas. As familias teñen maior calidade de vida cando:

- As súas necesidades están cubertas.
- Gozan da vida en familia.

- Todos os familiares teñen oportunidades de buscar e lograr obxectivos importantes para eles. Para cada familia a calidade de vida é diferente. Pero hai aspectos comúns a todas as familias.

A familia é un subsistema onde as persoas aprenden a interactuar co seu medio, incrementar e fortalecer redes de apoio informal, é ademais a rede formal de apoio básico para os seus integrantes. A familia é o elemento básico para o desenvolvemento emocional das persoas. Por eso, dende esta perspectiva, coa posta en marcha deste proxecto espérase mellorar a interacción e unión entre os seus membros a través da comunicación, definición de funcións e responsabilidades e solución de conflitos, mellorando así o sentimento pertenza comunidade.

E dende este concepto, o Proxecto Sementando Cidadanía pretendeu ser un servizo de apoio ás Familias, que complementa a intervención dos servizos sociais comunitarios e oferta un servizo de mediación en conflitos, demanda non resolta en ningún servizo público, contando para iso cunha oficina móbil de intervención psicosocial (Social Truck) que nos permite achegar os servizos as zonas rurais da provincia.

METODOLOXÍA E ACTUACIÓNS

Traballouse con medidas de acción positiva para á igualdade e a promoción da autonomía persoal e a integración social, buscando o desenrolo das súas capacidades. A nosa actuación estivo dirixida cara a consecución dunha forma de vivir a cidadanía incorporando a perspectiva de xénero na súa totalidade.

Dende as áreas de planificación e execución, identificáronse que desigualdades entre mulleres, homes e outras identidades de xénero podían afectar o enfoque, contido e desenvolvemento do programa, e establecéronse medidas para eliminalas en tódalas fases. Hai que ter en conta que existen posicións e necesidades de partida diferentes entre mulleres, identidades disidentes e homes e tamén que o impacto a causa da intervención tamén pode ser diferente.

Dende a área de comunicación, empregamos en tódolos materiais unha linguaxe inclusiva, evitando contidos e accións que reproduzan estereotipos e os roles tradicionais de xénero.

Dende a área da avaliación establecemos preguntas e indicadores de resultados tendo en conta a análise de presenza na actividade, do acceso e da satisfacción desagregados sempre por sexo/xénero.

A traballadora social foi a primeira en recibir ás persoas derivadas pola Unidade de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller integrada na Subdelegación de Goberno de Ourense, pola UFAM da policía Nacional, a unidade especializada da policía local de Ourense, polas Unidades de Intervención social, o servizo de estranxeiría e o CIM do concello de Ourense, así como polos Servizos Sociais dos

Concellos de Baños de Molgas, Vilar de Barrio, Verín, o CIM de Maceda ou Barbadás, cos que levamos casos conxuntamente e co equipo psicosocial do Complexo Hospitalario de Ourense e do Programa de atención a mulleres en situación de vulnerabilidade EnRedAdas. Neste primeiro momento, realizouse o diagnóstico da situación social e finalmente configurábase o inicio do proxecto individualizado, concretando un acordo coas participantes.

O obxectivo principal foi favorecer a autonomía e benestar de familias en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social. O proxecto pretendeu promover o benestar das familias participantes potenciando os factores de protección e minimizando os factores de risco que se atopan na contorna familiar para poder levar a cabo unha verdadeira prevención. Así mesmo, pretendeuse incrementar as competencias das persoas e das familias para que poidan satisfacer as súas necesidades, resolver as súas situacións problemáticas e mobilizar os recursos persoais e sociais necesarios para mellorar a súa autonomía, benestar e calidade de vida.

Desenvolvéronse distintas actuacións:

1. Servizo de orientación, información, atención, orientación e asesoramento persoal e social

A traballadora social encargouse de realizar o diagnóstico da situación social familiar na fase de acollida e finalmente configurar o inicio do itinerario, concretando un acordo coas participantes deseño do proxecto individualizado e a intervención:

Na primeira fase desenvolvéronse entrevistas e acompañamentos coa finalidade de apoiar o proceso que a persoa estaba levando a cabo, avaliar o impacto da intervención que se realiza co fin de valorar a mellora da súa situación inicial, así como de apoio directo nas relacións con outras entidades, organismos e servizos. Estas entrevistas recolleron tamén actividades de información e orientación nas na solicitude e tramitación de prestacións e recursos da carteira de servizos sociais, asesoría en materia de trámites de estranxeiría e información sobre os distintos recursos formativos e de busca de emprego.

Na fase de peche, espazo de finalización do proceso, deuse unha valoración de cal foi o grao de implicación e desenvolvemento da persoa.

2. Servizo de atención, apoio e orientación psicolóxica

Este servizo procurou fomentar o benestar e o crecemento persoal nas diversas etapas vitais, a través do acompañamento e o apoio psicolóxico e a análise da situación persoal, dos recursos que posúe e que ten ó seu alcance, dos intereses, motivacións e emocións, para acadar outras actuacións que conduzan á resolución do problema mediante a aprendizaxe e a mellora das capacidades.

A intervención individual da psicóloga centrouse na persoa, na súa autonomía e crecemento persoal, co obxecto de:

- Promover o cambio necesario no pensamento, sentimentos e comportamento para resolver a perda da autoestima, sentimentos de desamparo, desesperanza e incompetencia.
- Comprender e diminuír malestares que pode derivar en ansiedade, depresión, conflitos relacionais, dificultades de comunicación, illamento, impulsividade, ira e violencia, soidade, condutas destrutivas.
- Desenvolver as habilidades necesarias para favorecer o cambio que permita o logro de obxectivos persoais e afrontar dunha forma máis eficiente futuras situacións de dificultade.
- Estimular prácticas de autocoidado, xestión do estrés e manexo emocional que favorezan a autonomía, resiliencia e sensación subxectiva de benestar das persoas participantes.

3. Servizo de Mediación comunitaria e familiar

Unha técnica en mediación, capacitada idoneamente e sen ningún poder de decisión, facilitou a comunicación e propostas que satisfixeran a ambas partes do conflito.

Cando a unha persoa usuaria se lle presentaba un conflito, un problema no que a comunicación estivera rota e non se puidera chegar a un acordo, a traballadora social derivou a intervención á técnica en mediación.

A Mediación é un espazo de comunicación, un espazo onde a responsabilidade das decisións recae sobre os membros da familia ou as partes e non sobre un terceiro. Un espazo onde é máis fácil alcanzar un acordo, unha decisión compartida, que logo podamos cumprir.

O Servizo de Mediación, interveu nos seguintes tipos de conflitos:

- Dentro da propia comunidade de veciñas/os e/ou entre comunidades de veciñas/os por mor de derramas, impagos de alugueiro, problemas con mascotas, etc
- Conflitos de parella, cos fillos e fillas, con persoas maiores cando hai tres xeracións na casa, etc.

Contamos cos seguintes recursos humanos para o programa:

- Unha traballadora social, con formación e experiencia específica en materia de estranxeiría e Orientación sociolaboral, que ofertou 32 horas ao servizo e valoración inicial e 1.166 horas de servizo de orientación laboral.
- Unha psicóloga, que proporcionou 368 horas de orientación e apoio psicolóxico.
- Unha traballadora social, con formación específica como técnica en Mediación e resolución de conflitos, no ámbito social e comunitario, educativo e familiar, que proporcionará 184 horas de mediación.

Para o desenvolvemento deste Programa Integral a entidade contou coas instalacións propias en réxime de aluguer, onde se levaron a cabo as actuacións das profesionais das distintas disciplinas (social, psicolóxica, mediación) situado na rúa Moratín Nº 2. Así mesmo, conta con mesas e cadeiras, distintos medios audiovisuais, ordenadores, teléfono e conexión a internet.

Contouse tamén cunha oficina móbil, unha furgoneta Renault Trafic (Social Truck) equipada para desenvolver as atencións, achegando así os servizos a poboación do rural con alta dispersión, envellecemento e dificultades de accesibilidade.

O Programa desenvolveuse entre xaneiro e decembro de 2023.

RESULTADOS

Atendéronse de xeito individualizado a 21 persoas, 8 familias, de forma directa, seguindo distribución:

- A traballadora social atendeu a 12 persoas en orientación laboral.
- A psicóloga desenvolveu apoio psicolóxico con 6 persoas.
- Dende o servizo de mediación interviuse en 8 conflitos familiares.

PROXECTO CIRCE

O Proxecto Circe nace da idea de dar resposta á situación das mulleres en situación de explotación sexual e vítimas de trata de seres humanos con fines de explotación sexual. Esta situación tan complexa abrangue actos de violencia baseados no xénero que van implicar nas mulleres danos ou sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica, económica ou social, incluídas as ameazas, coaccións e privacións de liberdade.

Estimamos necesario a creación e posta en práctica de recursos integrais de atención personalizada e especializada para as mulleres que se atopan nesta situación, ofrecendo un trato achegado e de confianza. E

A nosa visión é que as persoas deben ser as protagonistas das súas vidas, polo que vemos o acompañamento coma un proceso participativo, no que as mulleres decidirán e serán parte activa do seu itinerario. Co Proxecto Circe pretendemos colaborar coas administracións e crear sinerxías con outras entidades para proporcionar un mapa de recursos ás persoas que atendamos ao longo da implementación do proxecto. E que ao mesmo tempo podamos colaborar na mellora da súa situación vital e no proceso de recuperación das violencias vividas por estas mulleres.

OBXECTIVO XERAL

Proporcionar orientación e atención psicosocial e apoio integral dirixido a persoas en situación de explotación sexual e vítimas de trata de seres humanos con fines de explotación sexual.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Promover espazos de socialización e aprendizaxe mutuo para mulleres en situación de explotación sexual e vítimas de trata de seres humanos con fines de explotación sexual e artellar estratexias de recuperación dos seus proxectos vitais.
- Acompañar ás mulleres nos procesos necesarios: estranxeiría, policía, xulgados, centro de saúde, etc.
- Promover unha rede de apoio entre iguais de mulleres en situación de explotación sexual e vítimas de trata de seres humanos con fines de explotación sexual.
- Ofertar ás mulleres usuarias un punto de asesoramento xurídico.
- Proporcionar un servizo de acollida, apoio e orientación psicolóxica.
- Desenvolver estratexias persoais e colectivas para a resolución de conflitos.

- Potenciar a autoestima das mulleres, a identificación dos seus propios recursos persoais e acompañalas no desenvolvemento dun proxecto vital autónomo e satisfactorio.
- Dotar dun espazo de apoio emocional ás mulleres vítimas para superar o illamento e a impotencia que implican a cronificación da súa situación, motivándoas a realizar cambios vitais.
- Formar axentes de saúde dentro do propio colectivo.
- Achegar información e servizos aos espazos públicos e privados nos que poden atoparse as mulleres vítimas de trata ou explotación sexual.

ACTUACIÓNS REALIZADAS

1. Atención inicial nos chamamentos realizados polas autoridades competentes, xudiciais, fiscais e policiais, para a atención inmediata ás vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral en asistencia social, legal ou psicolóxica

Unha vez exista o primeiro contacto coa vítima acompañouse asesorándoa en materia social, legal ou psicolóxica. O equipo do Proxecto Circe conta con formación especializada e experiencia na atención e acompañamento de mulleres. Traballadora social, mediadora, psicóloga e avogada atenderon as necesidades máis urxentes das mulleres para seguir poder traballando con elas. O obxectivo desta primeira atención é minimizar danos e a atención inmediata. Tamén se atendeu as mulleres derivadas polos servizos sociais dos concellos da provincia de Ourense, CIMs, ademais dos distintos corpos de forzas de seguridade do estado. Durante todo o proxecto mantivéronse reunións de coordinación e seguimento, para asegurar unha atención integral das mulleres.

2. Asesoramento social e actuacións de apoio directo nas relacións coas distintas entidades, organismos e servizos para a realización de trámites administrativos de diversa índole

Levouse a cabo un itinerario personalizado de atención, obxectivos secuenciados e organizados en prioridade que as mulleres foron realizando. Nun primeiro momento realizouse o diagnóstico da situación social e configuráronse o inicio do itinerario, concretado nun proxecto acordado coa participante e no que se estableceron obxectivos e actuacións concretas. O longo do proceso, estableceuse un seguimento, un conxunto de entrevistas que teñen como finalidade, acompañar e apoiar o proceso que a persoa está levando a cabo, avaliar o impacto da intervención que se realiza coa persoa, co fin de valorar a mellora da súa situación inicial, así como de apoio directo nas relacións con outras entidades, organismos e servizos. Estas entrevistas recolleron actividades de información e orientación na solicitude e tramitación de prestacións e

recursos da carteira de servizos sociais así como en materia de trámites de estranxeiría. Para finalizar o proceso, independentemente da circunstancia pólá que remate, realizouse unha valoración e devolución de cal foi o grao de implicación e desenrolo da persoa.

3. Atención psicolóxica, para abordar posibles dificultades e malestares emocionais e/ou condutuais e na procura da súa recuperación persoal

Este servizo tivo a fin de fomentar o benestar e o crecemento persoal, a través do acompañamento e o apoio psicolóxico e o análise da situación persoal, dos recursos que posúe e que ten ó seu alcance, dos intereses, motivacións e emocións, para acadar outras actuacións que conduzan a resolución do problema mediante a aprendizaxe e a mellora das capacidades. Unha Psicóloga con formación i experiencia na atención a mulleres e intervención en casos de violencia de xénero, ofertou no local da entidade intervención individual, unha atención centrada na persoa, na súa autonomía e crecemento persoal, co obxecto de:

- Promover xunto a muller o cambio necesario no pensamento, sentimentos e comportamento para resolver a perda da autoestima, sentimentos de desamparo, desesperanza e incompetencia.
- Diminuír e controlar ese malestar que pode derivar en ansiedade, depresión, conflitos relacionais, dificultades de comunicación, illamento, impulsividade, ira e violencia, soidade, condutas destrutivas.
- Desenvolver as habilidades necesarias para favorecer o cambio que permita o logro de obxectivos persoais e afrontar dunha forma máis eficiente futuras situacións de dificultade.
- Evitar as consecuencias psicolóxicas derivadas da explotación sexual.

4. Asesoramento xurídico sobre os seus dereitos e deberes, así como para a tramitación de procedementos administrativos de diversa índole

Unha avogada ofertou orientación xurídica as mulleres do programa que así o precisaron, así como apoio na solicitude da xustiza gratuíta. As materias sobre as que tratou esta orientación xurídica foron as que se presentaron no ámbito persoal e familiar, sobre asuntos relacionados coa vivenda, familia, violencia de xénero, familiar, institucional ou no ámbito educativo, estranxeiría, violencia sexual e trata de seres humanos con fines de explotación sexual.

5. Orientación e asesoramento laboral, incluídas as actividades formativas

Unha traballadora social con formación específica en orientación laboral con perspectiva de xénero levou a cabo itinerarios de inserción laboral coas participantes. A asesoría abarcou:

- Dereitos e deberes básicos das persoas traballadoras en España.
- Técnicas de busca de emprego: Recursos formativos online e presenciais, entidades de colocación, realización de currículum e cartas de presentación.
- Preparación de entrevistas laborais e técnicas de motivación para a busca de emprego.

6. Atención e asesoramento en traballo de rúa, co obxectivo de achegamento a aqueles lugares onde se poden atopar persoas vítimas de trata de seres humanos, en situación de explotación, para establecer encontros iniciais.

Unha traballadora social encargouse de coordinar este servizo que pretendeu achegar información, establecer primeiros contactos e sensibilizar no ámbito da prevención sociosanitaria.

A técnica encargada estableceu redes e sinerxías con outras entidades e desenvolveu xuntanzas en locais da zona do Couto en bares onde acoden as mulleres. Foi a profesional de referencia coa que estableceron o primeiro contacto e o seguimento as mulleres atendidas nas saídas. Tamén organizou test de probas e a formación para as axentes de saúde co apoio de Casa Ourense e o Comité Cidadán Antisida.

O Programa desenvolveuse entre xaneiro e decembro de 2023.

RESULTADOS

Atendéronse de xeito individualizado a 5 mulleres, sendo 1 delas española e 4 estranxeiras de 2 nacionalidades distintas. En canto a idade, unha delas tiña menos de anos e as outras entre 25 e 54 anos.

SERVIZO DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL

Na provincia de Ourense observase un paulatino descenso da poboación activa desde o ano 2009, tanto en situación de desemprego como ocupada, pero en maior medida esta última. O anterior indica que a baixada no continxente de poboación parada non se debeu a un medre da ocupación, senón á saída do mercado de traballo, ben cara á emigración, ben cara á inactividade laboral.

Desde o ano 2009, o sector que máis emprego perdeu na provincia foi o primario, onde aínda se estima un 39,1% menos de persoas ocupadas que nesa data. Pero tamén foi neste sector onde máis medrou a ocupación desde o ano 2019. Ao ser este

un sector altamente masculinizado, a recuperación de emprego no devandito sector fixo inclinar a balanza global cara ao emprego masculino na provincia. Pola contra, o sector servizos, con moito peso de mulleres empregadas, ten un 2,1% menos de empregos que no ano 2009, e apenas aumentou desde o ano 2019. Porén, de media en Galiza, foi o único sector con máis ocupación que en 2009, o que explica o maior incremento do emprego feminino que masculino. Así, o 70% das persoas ocupadas están nalguna das actividades relacionadas co sector servizos

De media o 28% das mulleres asalariadas na provincia de Ourense teñen un contrato temporal; no caso dos homes, o 25,2%. As taxas de temporalidade son máis altas que no resto de Galiza, onde a taxa media se sitúa no 24,4%: a masculina no 22,2% e a feminina no 26,8%. Non só hai unha porcentaxe elevada de persoas con contrato temporal, senón que a duración destes contratos é escasa. Este tipo de xornada agocha moitas das dificultades coas que baten as mulleres para integrárense en igualdade de condicións no mercado de traballo. Proba disto é que a segunda razón que estas alegan para non traballar a xornada completa é a dedicación aos coidados; a primeira, non atopar un traballo a xornada completa.

A falta dunha rede pública suficiente para atender as persoas dependentes obriga as mulleres a facérense cargo a custa da precarizar a súa vida laboral. A suma destas condicións laborais precarias: temporalidade, escasa duración dos contratos, xornadas parciais, etc, ten unha incidencia directa nos ingresos das persoas asalariadas.

Esta evolución tan prexudicial débese en parte ás condicións laborais da clase traballadora, como dicíamos anteriormente, mais tamén a que a redución do emprego se produciu maioritariamente nas ramas de actividade con maiores ingresos, polo que, aínda que aumentou o SMI que serve de referencia, os cambios na estrutura produtiva tiveron uns efectos nefastos nos ingresos da clase traballadora.

Por tanto o apoio á inclusión sociolaboral é unha labor que precisa complementar a acción de acompañamento e apoio integral aqueles colectivos mais vulnerabilizados que presentan unha maiores dificultades de acceder, permanecer ou mellorar a súa situación laboral.

No caso da poboación inmigrante, a dificultade na busca de emprego recrudécese, en grande parte pola súa situación administrativa, pola falta de redes e descoñecemento dos recursos de apoio e lexislación laboral, mas sobre todo polo racismo e xenofobia e pola condena a ocupar postos e sectores mais precarios.

A desigualdade estrutural, a falta de recursos institucionais, padecer situacións vitais complexas, a falta de oportunidades laborais nun territorio con escaso desenvolvemento económico como é o caso da provincia de Ourense, todos estes

factores motivan a posta en marcha deste servizo de orientación e apoio á inclusión sociolaboral.

OBXECTIVOS

XERAL: Favorecer a inserción sociolaboral e benestar de persoas e familias en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social.

ESPECÍFICOS

- Proporcionar un espazo de apoio emocional ás persoas en situación de vulnerabilidade.
- Fomentar o benestar e o crecemento persoal nas diversas etapas vitais, a través do acompañamento e o apoio psicolóxico.
- Desenvolver estratexias persoais e colectivas para a resolución de conflitos.
- Desenvolver a autoestima, asumindo a propia identidade, fomentando a empatía.
- Fomentar o autocoñecemento e empoderamento das mulleres sobreviventes da violencia machista.
- Potenciar o coñecemento das persoas estranxeiras do mercado laboral e dos trámites administrativos da sociedade de acollida.
- Facilitar a incorporación sociolaboral das persoas participantes no proxecto.
- Facilitar o acceso a recursos básicos de subsistencia.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

- Un traballador social, con formación e experiencia específica en Orientación sociolaboral.
- Unha psicóloga, que proporcionará orientación e apoio psicolóxico dentro do servizo de apoio a inclusión sociolaboral.
- Unha traballadora social, con formación e experiencia específica en mediación.

Para o desenvolvemento deste Programa Integral a entidade contou con instalacións propias en réxime de aluguer, onde se levaron a cabo as actuacións das profesionais das distintas disciplinas (social, psicolóxica, mediación). Así mesmo, conta con mesas e cadeiras, distintos medios audiovisuais, ordenadores, teléfono e conexión a internet.

ACTUACIÓNS

As persoas destinatarias foron as persoas en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social, pertencentes a colectivos inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas, pertencentes a unha minoría étnica, con drogodependencias ou en procesos de rehabilitación, perceptoras de rendas de integración, subsidios ou prestacións similares, ex-reclusas, procedentes de institucións de protección ou reeducación de menores, persoas con discapacidade ou enfermidade mental ou con responsabilidades familiares non compartidas, procedentes de núcleos familiares con ingresos inferiores a 2,5 veces o IPREM, residentes no Concello de Ourense.

Este servizo atendeu a 25 persoas, das cales 10 contan con itinerario.

Este servizo constou de dúas liñas de actuación.

Servicio de Apoio a inclusión sociolaboral básica

Por un lado a traballadora social da entidade levou a cabo a titorización de todo o proceso, que é a chave para que o itinerario personalizado de atención se converta nun conxunto de obxectivos secuenciados e organizados en prioridade. Establecemos as seguintes fases para o deseño do proxecto individualizado e a intervención:

- Fase de acollida: Realizouse o diagnóstico da situación social familiar e finalmente configurar o inicio do itinerario, concretando un acordo coas participantes.
- Fase de Desenrolo: Entrevistas e acompañamentos que teñen como finalidade apoiar o proceso que a persoa está levando a cabo, avaliar o impacto da intervención que se realiza co fin de valorar a mellora da súa situación inicial, así como de apoio directo nas relacións con outras entidades, organismos e servizos. Estas entrevistas recollen tamén actividades de información e orientación nas seguintes áreas:
 - Recursos sociais: Apoio e orientación na solicitude e tramitación de prestacións e recursos da carteira de servizos sociais.
 - Laboral: Información sobre os distintos recursos formativos e de busca de emprego e acompañamento no itinerario de inserción.
 - Fase de peche: Espazo de finalización do proceso. Desenrola unha valoración e devolución de cal foi o grao de implicación e desenrolo da persoa.

Por outra banda a psicóloga da entidade proporcionou orientación a fin de fomentar o benestar e o crecemento persoal traballando habilidades sociolaborais a través de

técnicas de coaching, intelixencia emocional, e técnicas de motivación para a busca de emprego.

Trátase do análise da situación persoal, dos recursos que posúe e que ten ó seu alcance, dos intereses, motivacións e emocións, para acadar outras actuacións que conduzan a resolución do problema mediante a aprendizaxe e a mellora das capacidades e a preparación de entrevistas.

A intervención individual da psicóloga centrouse na persoa, na súa autonomía e crecemento persoal, co obxecto de:

- Promover o cambio necesario no pensamento, sentimentos e comportamento para resolver a perda da autoestima, sentimentos de desamparo, desesperanza e incompetencia.
- Diminuír e controlar malestares que poden derivar en ansiedade, depresión, conflitos relacionais, dificultades de comunicación, illamento, impulsividade, ira e violencia, soidade, condutas destrutivas.
- Desenvolver as habilidades necesarias para favorecer o cambio que permita o logro de obxectivos persoais e afrontar dunha forma máis eficiente futuras situacións de dificultade.

Servicio de mediación

Cando a unha persoa usuaria se lle presenta un conflito ou cando se de un problema no que a comunicación estea rota e non se poida chegar a un acordo, a traballadora social derivará a intervención á técnica en mediación. O servizo de mediación estará indicado para a intervención en conflitos familiares, veciñais, entre comunidades. Os servizo de mediación entre a parella queda totalmente excluída nos casos de violencia de xénero.

METODOLOXÍA

Traballamos con medidas de acción positiva para á igualdade e a promoción da autonomía persoal e a integración social, buscando o desenvolvemento das súas capacidades. A nosa actuación estivo dirixida cara a consecución dunha forma de vivir a cidadanía que incorporase a perspectiva de xénero na súa totalidade. Así a través das distintas áreas, de planificación, execución, comunicación i avaliación do proxecto, tentouse impulsar a introdución da perspectiva de xénero.

Dende as áreas de planificación e execución, identificamos que desigualdades entre mulleres e homes poden afectar ó seu deseño, contido e desenrolo, e establecemos medidas para eliminalas en tódalas fases. Hai que ter en conta que existen posicións e necesidades de partida diferentes entre mulleres e homes e que o impacto a causa da intervención tamén pode ser diferente. Establecemos obxectivos específicos para incrementar a igualdade de mulleres e homes e que fomentasen a participación en igualdade nas actividades.

Dende a área de comunicación, coidamos empregar en tódolos documentos informativos e formativos unha linguaxe inclusiva i evitar accións que reproduzan estereotipos e os roles tradicionais de xénero.

Dende a área da avaliación establecemos preguntas sobre que fixemos para incorporar a perspectiva de xénero en cada fase. Sobre os indicadores de resultados temos en conta a análise de presenza nas actividades, do acceso e da satisfacción desagregados sempre por sexo.

SISTEMA DE AVALIACIÓN E INDICADORES

A última fase do proceso require establecer os mecanismos que permitan coñecer a situación das persoas tras a nosa intervención, e deste xeito avaliala. A partir da avaliación continua e o seguimento, púidose mellorar os procedementos, reaxustar os obxectivos, establecer medidas correctoras e identificar os métodos e protocolos de intervención e colaboración máis exitosos.

En relación ós instrumentos, para a avaliación contouse cos resultados directos da intervención. Realizouse unha avaliación de carácter cualitativo a través de entrevistas, avaliando a satisfacción das persoas participantes co servizo.

Para realizar a avaliación tivemos en conta os seguintes factores:

- Indicadores de impacto: Son os que miden a efectividade do programa e resultan especialmente útiles para analizar a situación das mulleres como consecuencia do desenrolo do proxecto. Analizouse como se mantén ou cambian de roles e a ruptura de estereotipos.
- Indicadores de xestión: Valorouse o grado de adecuación do proxecto ó planificado. Valoramos en que medida se xestionou o proxecto dacordo ó principio de igualdade, o que implicou realizar:

- Análise do acceso á formación ocupacional para reconstruír a identidade profesional.
 - Análise da adquisición e desenvolvemento de competencias prosociais.
 - Análise do grao de satisfacción.
- **Indicadores de realización:** Análise do interese ou a necesidade das actividades, cobertura das necesidades de coidado no proxecto e análise da mobilidade e accesibilidade.
 - **Indicadores de resultados:** Mediron o resultado a curto prazo das actividades do proxecto, o número de persoas que se beneficiaron. Tívoase en conta: o análise de presenza na actividade, o análise de acceso e o análise de satisfacción, desagregados por sexo e tramo de idade, comparando os resultados previstos e os reais.

Atendéronse 25 persoas no servizo de apoio a inclusión sociolaboral básica, 23 mulleres e 2 homes e esperase manter un seguimento máis alá da duración do presente programa. No servizo de mediación atendéronse 13 casos.

Traballouse para que as participantes obtiveran os recursos e ferramentas que mellorasen a empregabilidade das persoas participantes, as activase laboralmente e lles proporcionase competencias transversais que incrementen as súas posibilidades de inserción laboral.

Avaliando proporcionalmente, dado que solo se concedeu o programa no primeiro período (5 meses) valoramos que se alcanzaron os obxectivos:

- Aumento da autonomía das participantes no proxecto.
- Mellora da autoestima das participantes no proxecto.
- Unha colocación laboral do 17% das participantes con itinerario de inserción laboral.

SERVIZO DE CONCILIACIÓN: ESPAZO DE COIDADOS

Aínda que os coidados sexan un pilar fundamentas da sociedade, sabemos o pouco valorados que están, o difícil que é a conciliación das necesidades de coidados de menores coas responsabilidades laborais, especialmente para as mulleres, e os poucos recursos dispoñibles para atender as persoas mais necesitadas de coidados de calidade.

Por outro lado, a educación é un dos dereitos fundamentais que facilita non só o noso desenvolvemento integral como persoas, senón que nos proporciona os instrumentos

para participar de forma crítica e comprometida neste tempo no que vivimos. Ao falar de educación en valores non se trata de traballar con conflitos que observamos de forma afastada e allea, senón de formarnos para responder a situacións que vivimos a cada minuto nas nosas casas, nos barrios, nas aulas... Trátase de lograr que as nosas actitudes e accións contribúan a construír unha sociedade máis xusta, sustentable, equitativa e solidaria. Trátase por tanto de pensar globalmente para actuar localmente desde a convicción de que outro mundo é posible.

En definitiva, tentar acompañar as crianzas para que confíen nas súas posibilidades e asuman de forma responsable a construción dun mundo mellor, educar leva a responsabilidade de acompañalos nesta marabillosa viaxe que é crecer.

Os espazos de conciliación que brindamos son moito mais que unha ludoteca. Son espazos educativos non formais que buscan educar a crianzas e familias nos valores da igualdade e non discriminación por razón de xénero, orientación sexual, procedencia/etnia, capacidades, etc, inculcando os valores do respecto, convivencia, paz, non violencia e resolución positiva de conflitos e cooperación.

Entre novembro e decembro do 2023, puxemos en marcha un espazo de coidados no Centro Cívico da Asociación As Termas, no marco da convocatoria convocatoria para a selección de actividades para programa de Conciliación da concellería de Servizos sociais do Concello de Ourense. Nesta actividade participaron 29 crianzas.

MÁIS INFORMACIÓN EN www.xeraccion.com